



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001530

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Corrección resolución da Publicación da Memoria xustificativa da Ordenanza Municipal reguladora do tráfico, mobilidade sostible e estacionamento)

Dada conta da resolución da alcaldía número 1590/2024, do 22 de agosto, relativa á publicación da resolución da memoria xustificativa da Ordenanza Municipal reguladora do tráfico, mobilidade sostible e estacionamento, corríxese por erro no circuito de firma, quedando redactado co seguinte tenor:

« A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevexan aprobar para o ano seguinte. Unha vez aprobado o Plan anual normativo de 2023 por Resolución de alcaldía publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a ova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgunhas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente. Considerando que en relación á nova regulación por ordenanza denominada *ORDENANZA REGULADORA DE TRÁFICO, MOBILIDADE SOSTIBLE E ESTACIONAMENTO DO CONCELLO DE SADA* por esta alcaldía elaborouse unha memoria cumprimentado os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da mesma. En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir un prazo de dez días naturais de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da memoria de alcaldía que comprende os seguintes aspectos en relación á *ORDENANZA REGULADORA DE TRÁFICO, MOBILIDADE SOSTIBLE E ESTACIONAMENTO DO CONCELLO DE SADA* que se vai redactar:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo.- Publicar a presente resolución e a memoria na web e no portal de transparencia, computándose o prazo dende o día da publicación para realizar as aportacións que se consideren oportunas a través do rexistro de



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

entrada do Concello, ben presencialmente, ben telematicamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015»

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.